



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

“ORDENANZA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA A INSERCIÓN SOCIAL-EMERXENCIAS SOCIAIS”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Arteixo, asumindo as competencias que establece o artigo 25.2 K da Lei reguladora das bases de réxime local e seguindo o establecido no artigo 80 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e nos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2009, do 3 de decembro, de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a establecer a normativa que establece a regulamentación básica das prestacións para a Inserción Social-Emerxencias Sociais destinadas a persoas ou familias que se atopen en situación de carencias.

O procedemento a seguir nestas axudas non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais das persoas beneficiarias as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2c) da citada Lei.

Artigo 1º.-DEFINICIÓN

A axudas para a Inserción Social- Emerxencias Sociais constitúen unha prestación económica ou en especie de carácter urxente, finalista e extraordinario, destinada a paliar situación de carencias e transitorias imprevistas ou excepcionais, así coma para previr o agravamento das mesmas. Son prestacións non periódicas.

As prestacións que emanan desta Ordenanza constitúen un recurso dentro do traballo social orientado á promoción das persoas e das familias. Estas axudas deben e teñen que ser consideradas como un instrumento e non como un fin en si mesmas, debendo servir de recurso para facilitar a integración social da cidadanía que sofren máis carencias.

As axudas serán sempre puntuais para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por situación de emerxencia e terán sempre que estar necesariamente vinculadas ou incardinadas a un proceso de intervención social ou familiar. Que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar.

Artigo 2º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente normativa regula a concesión e tramitación das axudas ás persoas residentes no Concello de Arteixo que cumpran os seguintes requisitos:

1. Acreditar unha residencia efectiva no Concello de Arteixo cunha antigüidade no Padrón Municipal mínima de 6 meses, como norma xeral.
2. No caso de emigrantes retornados, non é preciso acreditar esta antigüidade, pero si o empadramento.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09


Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

3. Persoas ou familias derivadas por outros Centros de Servizos Sociais, mediante ou cun proxecto de inserción no anterior Concello.
4. Transeúntes para sufragar gastos de aloxamento e manutención durante 1 día. Os casos de aloxamento entenderanse excepcionais, cando sexa por motivos de enfermidade ou de forza maior.

Artigo 3º.- PERSOAS BENEFICIARIAS:

1. Poderanse beneficiar destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares no mesmo domicilio. Entendemos por unidade familiar o núcleo de convivencia, o conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estábel análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou por parentesco de consanguinidade até o segundo grao e por afinidade até o terceiro grao.
2. Cando nun domicilio existan unha ou máis unidades familiares con menores a cargo, considérase que cada unha delas é unha familia, agás para aqueles gastos que teñan que ver co mantemento e subministros da vivenda..



2. Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiaria, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar
3. Poderán ser titulares do dereito e nos límites económicos que permitan as consignacións presupostarías as persoas que reúnan os **seguintes requisitos**:

c.-1) Ser maior de idade ou menor emancipado.

c.-2) Carecer de ingresos anuais superiores ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) que se fixe anualmente, incrementado nun 15% por cada un dos



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

membros da unidade familiar. Para efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última declaración da Renda das persoas físicas, previa aplicación ao mínimo persoal e familiar do imposto.; e cando non sexa obrigatorio realizala, acreditará ingresos anuais inferiores ao límite establecido a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social sobre vida laboral ou percepción de pensións, certificación de xuros bancarios e os últimos movementos bancarios e calquera outra que se considere necesaria para acreditar os recursos económicos familiares.

Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións nos 6 meses anteriores á data de solicitude.

No suposto de que sexa unha familia monoparental con máis de un menor a cargo, ou con persoa con eivas ou dependente a cargo, incrementarase nun 0,8 o número de persoas computábeis.

Non terán dereito á axuda cando exista outro medio ou recurso para solucionar a situación.Ex.: Bolsas de Educación, Bolsa de Aluguer,...

Artigo 4.- DO CÓMPUTO DOS INGRESOS

Para os efectos ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible, previa á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a renda das persoas físicas

Entenderanse como ingresos da unidade familiar os recursos económicos de todos e cada un dos membros da unidade familiar do seguinte xeito:

- Ingresos do titular do dereito e resto da unidade de convivencia o 100% dos ingresos.
- No caso de existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana estudarase en cada caso segundo as posibilidades reais de alleamento, aluguer ou calquera outra circunstancia que poida concorrer.
- Terase en conta a propiedade de vehículos e o seu valor de mercado.
- Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipotecas nunha cantidade ata un máximo de 350 €,
- Terase en conta aqueles signos externos de riqueza ou os bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia dos membros da unidade de convivencia, excepción feita da vivenda destinada a uso dela, sempre que a súa



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

valoración catastral non supere dez anualidades do salario mínimo interprofesional vixente.

Artigo 5.- FINALIDADE

5.1.-Estas prestacións tenderán a cubrir o financiamento total ou parcial dos seguintes gastos:

1. Situacións de ingresos insuficientes, caracterizados por unha situación temporal e puntual de insuficiencia de recursos económicos para cubrilas necesidades primarias.
2. Situacións de necesidades provocadas por catástrofes, epidemias, intoxicación caracterizadas por unha dificultade de satisfacer as necesidades primarias debido a un acontecemento de carácter imprevisto e excepcional que impida cubrilas por medios habituais.

5.2.- A valoración das situacións anteriores virán á súa vez determinadas en función dalgunhas necesidades sociais e con carácter xeral serán as seguintes:

- Necesidades básicas: consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias como: Nutrición insuficiente, Carencia de vestimenta básica,
- Axudas sociosanitarias: Gastos de medicación, coidados sanitarios, ...
- Incorporación a actividades para facilitar o acceso ao mercado laboral.
- Axudas para a Inserción socioeducativa.
- Axudas para problemática de vivenda:
 - Catástrofe ou accidente.
 - Non pagamento de aluguer ou subministro (Cando exista garantía de continuidade na vivenda e para evitar o desafiuzamento). (Os casos de hipoteca serán valorados naqueles casos que supoña a perda inminente da vivenda)
 - Pagamento de fianza ou primeira mensuralidade, cando exista garantía de continuidade no pagamento.
 - Apoio nas necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual.
 - Condicións de habitabilidade inadecuadas.
 - Barreiras arquitectónicas.
 - Limpezas e desentullos extraordinarios cando exista risco sanitario.
 - Aloxamento alternativo.

Artigo 6.- CONTÍAS

Estabelécense como norma xeral as seguintes contías:

- **Alimentación:** Estabelécese unha contía de 50€ por persoa incrementándose un 15% por cada un dos membros da unidade familiar, até un tope máximo de 500€ . Realízase mediante vales de compra nominais.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- **Alimentación infantil:** Baixo prescrición médica (non orientación): Até un tope máximo de 400€. Sempre e cando non teña dereito a prestación por nacemento de fillo (2500€ do INSS).
- **Vestuario básico:** 150€ ao ano, sobre todo cando as persoas beneficiarias sexan menores.
- **Medicación:** Até un tope máximo de 300€
- **Gastos de vivenda:** O importe total que en ningún caso excederá de 350€, dúas veces no ano. No caso de concesión para facilitar un traslado de domicilio a outro Concello non poderá percibir axudas nos seguintes dous anos.
- **Non pagamento de subministro:** Até un tope de 300€ no prazo de un ano.
- **Condicións de habitabilidade:** Até un tope de 500€ no prazo de un ano.
- **Barreiras Arquitectónicas:** Até un tope máximo de 1000€ no prazo de 5 anos.
- **Transporte:** Para asistir a tratamentos rehabilitadores de toxicomanías, até un máximo de 2 anos, prorrogábel nun ano en casos moi específicos e que a situación socio- sanitaria informada polo centro rehabilitador o considere imprescindible.

En caso de desprazamentos fóra da Comunidade Autónoma o importe do billete até un máximo de 200€, e como máximo 2 veces nun período de dous anos, até un máximo de tres axudas.

- **Axudas para a inserción sociolaboral:**

Transporte: Para o primeiro mes de traballo ou ben inserción socio- laboral o custo real até un tope de 250€ desprazamento fóra da bisbarra da cidade.

Incentivos: Para a asistencia a cursos e formación ata un máximo de 250€ ao ano.

Axudas para Escola Infantil: Por unha soa vez, pola totalidade da matrícula e primeira mensuralidade para favorecer inserción laboral ou apoio en situación extraordinaria.

Axudas para comedor escolar: Por unha soa vez, como máximo un mes.

- **Axudas para o pago de actividades socio- culturais:** que sexan precisas para a integración social, até un tope de 200€ ó ano por persoa.
- **Axudas sociosanitarias:** Até un máximo de 400€ ao ano.
- **Bolsas de libros e material escolar** de acordo co seguinte cadro:

Estabélense as seguintes axudas, sempre e cando a familia demostre ter solicitado a bolsa no caso de ter dereito:

Educación Infantil	Educación primaria	Educación secundaria
90€ por fillo.	60€ por fillo.	60€ por fillo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

O TOPE MÁXIMO POR TODOS OS CONCEPTOS ANTERIORES NON SUPERARÁ 1500€ AO ANO POR UNIDADE FAMILIAR.

Artigo 7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias destas axudas terán as seguintes obrigas:

1. A destinar as axudas para o fin que foron outorgadas
2. A permitir e facilitar o labor das persoas designadas para verificar a súa situación familiar e económica.
3. O cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións, para que poidan superala súa situación de necesidade. Terase en conta o grao de cumprimento das obrigas acordadas no plan de traballo.
4. Aceptación expresa, por parte da persoa, cando así o valore o persoal técnico dos servizos sociais, da súa inclusión nun proxecto de intervención social.
5. Escolarizar os menores que se encontren en idade escolar.
6. Non exercer a mendicidade, nin inducir á súa práctica aos membros da unidade familiar.
7. Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.
8. Ditas obrigas seranlle comunicadas á persoa beneficiaria no momento de recibir a resolución e deberá asinar en proba de telas recibidas e de obriga de cumprimento.
9. Comunicar as variacións sobrevidas que poden influír na valoración das axudas.

Artigo 8.- INCOMPATIBILIDADES

Non se poderá ser persoa beneficiaria simultaneamente de máis de unha prestación ou dereito á percepción económica para a mesma finalidade, calquera que sexa a administración pública ou privada outorgante. Poderán concederse axudas cando as prestacións económicas dos outros servizos ou administracións non cubran a totalidade do importe da prestación

Así mesmo, poderanse anticipar as axudas concedidas por outras administracións que a persoa beneficiaria outorgue para que reintegre o seu pagamento posterior ao Concello de Arteixo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

Artigo 9.- DA TRAMITACIÓN

A persoa interesada en obter unha axuda das regulamentadas no presente Regulamento deberá presentar a correspondente solicitude perante o Alcalde –Presidente do Concello, achegando coa mesma a documentación que xustifique a súa situación de carencia.

Será entregada no Departamento de Servizos Sociais do Concello que dará traslado ao Rexistro Municipal.

A persoa interesada asinará autorización e consentimento para obter os documentos que obren na Administración, así coma a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través dos medios previstos na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Asinará declaración xurada:

- De que está o corrente das obrigas fiscais coa facenda autonómica e coa seguridade social
- das axudas solicitadas ou recibidas doutras administracións ou órganos privados para o mesmo fin.

Xunto coas solicitude achegarase a seguinte documentación de todos os membros da familia:

- DNI / NIE, tarxeta de identificación de estranxeira/o ou documento oficial similar en vigor.
- Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos da filiación.
- Contrato de acollemento familiar, sentenza de incapacitación ou nomeamento de titor,...
- Certificado de empadramento e de convivencia no concello.
- Certificado do grao de eiva e / ou do grao da dependencia de ser o caso.
- Certificado médico segundo caso, receitas ou prescricións médicas.
- Xustificantes dos rendementos de traballo: nóminas, certificado de empresa,...das persoas maiores de 16 anos.
- Certificado positivo ou negativo de pensión ou prestación coñecida, calquera que sexa a súa orixe (CENTRO DE ATENCIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL) das persoas maiores de 16 anos.
- Certificado positivo ou negativo de cobramento de prestación (INEM, RISGA,...)das persoas maiores de 16 anos..
- Tarxeta de demanda de emprego no INEM ou mellora de emprego das persoas maiores de 16 anos..
- Certificado de vida laboral da Seguridade Social das persoas maiores de 16 anos.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- Certificado positivo ou negativo de imputacións de rendas do último exercicio (AXENCIA TRIBUTARIA ESTATAL) das persoas maiores de 16 anos..
- Movementos bancarios, dos seis últimos meses das persoas maiores de 16 anos.
- No caso de non poder acreditar a situación económica realizarase declaración responsábel sobre eles (declaración xurada) das persoas maiores de 16 anos..
- No caso de separación, divorcio e custodia de menores: sentenza e convenio regulador en vigor, constancia da contía de manutención.
- No caso de ter solicitada axuda para os conceptos de habitabilidade, eliminación de barreiras: presuposto da obra a realizar. Informe técnico dos servizos municipais competentes (urbanismo,...).
- Orzamento do gasto a realizar.
- Número de conta bancaria ou documento para o pagamento delegado.
- No caso de ter dereito a solicitar algunha axuda para o mesmo fin debe achegar xustificante de ter feito dito trámite.Ex.: Bolsas de Educación.
- Calquera outro que se considere necesario, que teña relación cos aspectos valorados na mesma.

No caso de que xa exista esta documentación no departamento por ter realizada algunha outra xestión previa, quedan eximidos da presentación da mesma.

Desde o departamento de Servizos Sociais emitirase o correspondente informe- proposta, no que se valorará debidamente a situación acreditada documentalmente e se cuantificará o importe da axuda.

De xeito excepcional os expedientes poderán ser **incoados de oficio**, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias e urxentes que así o aconsellen. (Ex. SAF)

Unha vez completo o expediente e remitido o correspondente informe, darase conta na comisión de Avaliación das axudas de emerxencia social, que estará formada polo profesional responsable de Servizos Sociais e o equipo das Unidades de Traballo Social.

Remítirase proposta e logo da fiscalización da intervención municipal, será presentado perante o Alcalde-Presidente ou, por delegación, perante a Xunta de Goberno Local, para que sexa ditada a correspondente resolución.

Sen prexuízo da tramitación recollida nos devanditos parágrafos, o profesional responsábel de Servizos sociais poderá aboar a axuda, unha vez emitido o correspondente informe- proposta, mediante a utilización da orde de pagamento a xustificar disposto para tal fin, consonte co disposto nas Bases de execución do Orzamento e na resolución pola que se autorizou a constitución de dito anticipo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

Artigo 10.- DO SEGUIMENTO DAS AXUDAS.

Serán os servizos sociais municipais os que realicen o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas, o destino das mesmas, e poderán solicitarlle ás persoas beneficiarias a información ou documentación que cumpra para comprobar o bo uso das mesmas.

No caso de que a persoa beneficiaria non teña cobrado a axuda procederase por parte do Concello á revogación da axuda.

O departamento de servizos sociais en colaboración con outras administracións (Xunta, Educación, Sanidade,...) órganos privados (ACLAD, Cáritas,...) establecerá un sistema de coordinación e transferencia de datos necesarios co fin de realizar o seguimento das axudas concedidas ou solicitadas para garantir o bo uso das mesmas e unha boa distribución dos recursos existentes evitando a duplicidade nas concesións.

Artigo 11.- REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polas persoas beneficiarias da axuda, así coma a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento de solicitar unha nova axuda por un período de 1 ano, ou coas normas de aplicación baseadas na lei 38/ 2003 de 17 de novembro, General de subvencións e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

No caso de que a persoa beneficiaria non teña xustificado o bo uso da axuda dará lugar á obriga de reintegrar a cantidade non xustificada e pode ser motivo da denegación en futuras solicitudes de axuda.

DISPOSICION TRANSITORIA.

Mentres non entre en vigor a presente ordenanza estará vixente a ordenanza de Emerxencia Sociais Municipal, publicada no BOP do 1 de outubro de 2004.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, que derroga o texto en vigor aprobado polo Pleno da Corporación con data 27 de maio de 2004, publicado no Boletín Oficial da Provincia do día 1 de outubro do 2004, entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local”.

En Arteixo, 1 de XULLO do 2010.
A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS